



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 26 DE XANEIRO DO 2017.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ  
(PSOE)

**Concelleiros/as :**

D. RICARDO GONZALEZ AMARO  
(PSOE)  
D<sup>a</sup>. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)  
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)  
D<sup>a</sup>. NOELIA RODRIGUEZ  
TRAVIESO (PSOE)  
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ  
GIL (PP)  
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ  
(PP)  
D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)  
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)  
D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ  
(PP)  
D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)  
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ  
(AGRUPACION DE ELECTORES  
RIBEIRO EN COMUN)  
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ  
(CxG-CCTT)

**Secretario Xeral:**

Vicente Soto Rodriguez

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 19:00 horas do día vinteseis de xaneiro de 2017 réunese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

\*\*\*\*\*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

### **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 22 DE DECEMBRO PASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 22 de decembro de 2016 (ordinaria) , ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 05 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de decembro; unha, sobre aboamentos..

Do 16 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de decembro ; seis; unha, sobre tenza animal potencialmente perigoso; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre concesión servizo axuda no fogar; dúas, sobre aboamentos.

Do 23 de decembro; catro; unha, sobre nomeamento carácter provisional de funcionario; unha, sobre expte. modificación credits 5/16; dúas, sobre aboamentos.

Do 26 de decembro; dúas; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de decembro; dúas; unha sobre programas axudas económicas a familias con menores a cargo; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de decembro; duas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Do 30 de decembro; seis; unha, sobre aprobación liquidacións; tres, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 31 de decembro; dúas, sobre aboamentos.

Do 02 de xaneiro; dúas; unha, sobre reposición legalidade urbanística; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de xaneiro; tres; unha, sobre reposición legalidade urbanística; dúas; sobre actuacións urxentes.

Do 05 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de xaneiro; cinco; tres, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre exención IVTM; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de xaneiro, unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 19 de xaneiro, unha, sobre baixa no Rexistro Parellas Feito.

Do 20 de xaneiro; catro; unha, sobre selección persoal; tres, sobre arquivo expedientes.

Do 23 de xaneiro; catro; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; tres, sobre arquivo expedientes.

### **3.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN PARA A MELLORAR O NIVEL RECAUDATIVO DO CONCELLO DE RIBADAVIA A TRAVÉS DO COBRO DE TAXAS ÁS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN DOMINIO PÚBLICO SEGUNDO AS RECENTES SENTENZAS DO TRIBUNAL SUPREMO.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 19 de xaneiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Tribunal Supremo (T.S.) ven de avalar recentemente que os Concellos comecen a valorar como Construcións ás liñas instaladas polas compañías eléctricas de alta tensión e as



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

canalizacións de gas, á hora de calcular a base impositiva do imposto por uso do dominio público.

A opinión do Tribunal Supremo, en forma de sentencias, foi a de rexeitar os recursos que no seu día interpuxeron as compañías eléctricas para evitar que se viran elevados o valor catastral dos seus inmobles e os impostos que se lle aplican.

Desde este momento os Concellos poderán establecer a regulación e as tarifas da taxa por utilización privativa ou de aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

O mercado polo T.S. non se contradí coa Lei de Facendas Locais, cando establece que o importe de esas taxas fixarase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público.

A idea non é a de igualar o valor catastral co do mercado, senón establecer o valor que lle corresponde ao aproveitamento ou uso que estes servizos reportan ao dono do terreo.

O T.S. sinala que a taxa non trata de establecer “o valor do mercado do solo” polo que discorren as instalacións, senón que se basea na “utilidade” que gozan as empresas destes aproveitamentos privativos que atravesan o solo que é propiedade municipal.

Si ben é certo que o noso Concello ten vixente as seguintes ordenanzas que gravan en parte estas instalacións e actividades:

- “Taxa por aproveitamentos especiais a prol de empresas explotadoras de subministros que afecten a xeneralidade do vecindario”.
- “Prezo Público pola Utilización de Redes de Titularidade Municipal por Empresas Explotadoras de Subministros que afecten á Xeneralidade do Vencindario”.

Estas só afectan á empresas suministradoras que exercen dentro do termo municipal e suministran dentro do termo municipal, e nunca gravaron nin se aplicaron ás instalacións que pasando polo noso termo municipal non subministraban dentro do municipio de Ribadavia. Perdéndose así, por exemplo, o cobro de toda a rede eléctrica que pasa por Ribadavia pero non suministra en Ribadavia, como cableado e instalacións de alta tensión. Mais non só, tamén hai outros moitos supostos prácticos que a partir destas sentenzas do Tribunal Supremo repercutirán e beneficiarán ás arcas públicas de Ribadavia.

*Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

Que desde o Concello de Ribadavia se estableza, se desenvolva e se aproben as normas, regulamentos e taxas que permitan a regulación destas instalacións que ocupen e atravesen solo municipal, e o seu cobro en beneficio do Concello, seguindo a doutrina marcada polo Tribunal Supremo”.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria A proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno sos membros do P.P.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente”.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez para sinalar que o obxecto da proposta ven determinada por unha sentenza do Tribunal Supremo que avala diversas ordenanzas que gravan instalacións dentro do término municipal, de empresas eléctricas entre outras; solicita que dende a concellería de facenda se faga un estudio para poder implantar esta taxa e así contribuir a mellora da facenda municipal.

O Sr. Vázquez López, sinala que todo o que sexa mellorar as arcas municipais parecelle favorable polo que vai a votar a prol da proposta.

O Sr. García Soto, aplaude a iniciativa, xa que se trata de gravar as empresas que están a utilizar o solo público para o seu beneficio particular.

O Sr. Fernández Gil, dí que o seu grupo votará a prol xa que lle parece interesante a proposta, sinala que o gravamen se pode ampliar a empresas subministradoras de gas ou auga, se ben sinala que haberá que ter cuidado xa que de acordo coa normativa vixente as empresas poden repercutir as taxas locais nos veciños, así o establece o artigo 16 da lei do sector eléctrico, indicando que o seu grupo non está de acordo con isto se ben é a normativa vixente.

O Sr. Iglesias Sendin, sinala que o grupo de goberno xa encargou un estudio sobre as posibles repercusións neste Concello e así estudar a viabilidade da taxa; dí que tamén informaran as comunidades de montes e veciños co obxecto de que estudien a implantación dun canon se teñen instalacións nas súas propiedades.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que neste Concello hai outras taxas que gravan cuestións semellantes; en canto a posible repercusión nos veciños, di que os grupos debemos prantexar a modificación da lei a que fai referencia o voceiro do grupo municipal do P.P..

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

#### **4.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ADHESION AO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA IMPLANTACION DA HISTORIA SOCIAL UNICA ELECTRONICA.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Benestar Social de data 19 de xaneiro de 2017, co seguinte tenor literal:" A Sra. Presidente da conta dun convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP; di que a finalidade do convenio ten por obxecto o impulso e posta en funcionamento da Historia Social Unica Electrónica (HSUE) nas Entidades Locais de Galicia. Trátase dun funcionamento similar ó do SERGAS (IANUS) onde cada usuario terá un número a través da tarxeta sanitaria, onde aparecerán toda a información das intervencións sociais que se realizen polos Concellos, en caso de traslado, no "novo concello" xa terán toda a información neste HSUE, así mesmo facilitará a comunicación de datos Xunta-Concellos e viceversa.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

En base a elo propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

**UNICO.-** A adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación da Historia Social Unica Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia, adheríndose formalmente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados dos mesmos e con suxección plena a todas elas.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común.- Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

#### **5.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL COMPROMISO POR GALICIA-CONCELLOS TRANSPARENTES PARA A RECUPERACION DO ANTIGO DEPOSITO DE AUGA.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servicios de data 19 de xaneiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta dunha moción presentada polo voceiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: **EXPOSICION DE MOTIVOS.-**

**PRIMEIRO.-** Tendo en conta que as reservas hidrográficas están baixo mínimos, que ademais en concreto o regato (Maquians) do cál se surte grande parte do municipio, leva moi pouco caudal e para evitar que poidamos ter problemas de suministro de auga de cara o futuro.

#### **ACORDOS**

**PRIMEIRO.-** Instar o goberno municipal a que se recupere o antigo depósito de auga da Franqueirán, xa que atópase nun estado aceptable e pódese aproveitar en momentos excepcionais para o almacenamento e uso de auga corrente.

**SEGUNDO.-** Que o goberno chegue a un acordo de colaboración con Aqualia para a recuperación do depósito e polo en funcionamento, considerando que o custe para as arcas municipais será mínimo e teremos aí un recurso importantes para todos".

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes);



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

reservanse para o Pleno sos membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Vázquez López, dí que coa moción tratase de recuperar unha instalación que pode ser útil para momentos puntuais, indicando que a recuperación debe correr a cargo do Concello e Aqualia.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que ten dúbidas sobre a moción; están a prol de arranxar unha infraestrutura deteriorada para situacións puntuais, se ben ten dúbidas mentras nos se clarifique o modo de xestión do servizo de abastecemento indicando que o seu grupo é partidario da municipalización, xa que o aforro do beneficio industrial redundará en melloras das instalacións; dí que dende que se acordou a prórroga en xuño de 2016 no se tivo reunión algunha para tratar o asunto, aunque non este de acordo coa privatización pensa que haberá que modificar as condicións da concesión cun novo prego de cláusulas. Finaliza dicindo que non debe ser o Concello o que faga o arranxo, salvo que se municipalice o servizo, anunciando a súa abstención a moción presentada.

O Sr. Garcia Soto, dí que coincide co exposto polo voceiro de Ribeiro en Común en relación coa municipalización; en canto a moción dí que descoñece as condicións do tanque, sé é compatible coa potabilizadora, se vai repercutir nas necesidades de auga en épocas de seca, pensa que haberá que estudar unha nova captación. Finaliza dicindo que a pesar do manifestado vai a votar a prol da moción.

O Sr. Fernández Gil, sinala que coincide co exposto polo voceiro do grupo municipal do B.N.G., en especial no tema da potabilización, pensa que en todo caso a auga depositada podera utilizarse para usos alternativos nunca para consumo humano nin para introducila na rede municipal.

O Sr. Iglesias Sendin, dí que habera que pedir un informe a Aqualia sobre a viabilidade do proposta; en canto o modelo de xestión é certo que haberá que estudialo comprometéndose a ter reunión cos grupos neste primer trimestre do ano.

Intervén o Sr. Vázquez López para sinalar que na moción falase de auga corrente non apta para o consumo humano, para situacións excepcionais; en canto o modelo de xestión dí que haberá que estudialo considerando unha cuestión prioritaria.

O Sr .Fidalgo Martínez, dí que visitou a instalación e o depósito atópase moi deteriorado, así como da conta de que a instalación estaba aberta e o peche roto na parte de abaixo cos conseguintes riscos polo que pide se tomen medidas. Finaliza a súa intervención dicindo que espera que o Concello non faga gasto algun na reparación do depósito, xa que debe ser acometido pola empresa concesionaria.

O Sr. Fernández Gil, reitera que non pode entrar na rede auga que non pase pola potabilizadora, polo que haberá que buscar usos alternativos; respecto o modelo de xestión o seu grupo xa se posicionou a prol da xestión indirecta xa que pensa que o Concello no ten





Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

capacidade suficiente para asumir o servizo; dí que é certo que se quedou en estudar o modelo incluso a elaboración dun novo prego e ata agora no se fixo nada.

O Sr. Iglesias Sendin, reitera que ante de que finalice o trimestre tendrá unha reunión para tratar o asunto, sinalando que o que ten claro é que as condicións económicas serán mellores para o Concello.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, doce (P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, unha ( Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida moción.

#### **6.- APROBACION INICIAL,SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE AXUDA ECONOMICA MUNICIPAL PARA GASTOS FARMACEUTICOS A FAMILIAS CON MENORES A CARGO.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Benestar Social de data 19 de xaneiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha moción de urxencia e que de seguido transcríbese:"**DON JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ, ALCALDE DO CONCELLO DE RIBADAVIA**, ten a ben a propoñer ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO.-** Aprobado inicialmente a Ordenanza reguladora de axuda económica municipal para gastos farmacéuticos á familias con menores a cargo.

**SEGUNDO.** Someter devandita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común.- Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

#### **7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN PARA IMPLEMENTAR A ESTABILIDADE LABORAL DOS**





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **TRABALLADORES E TRABALLADORAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servizos de data 19 de xaneiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal Agrupación de Electores Ribeiro en Común, presenta unha moción de urxencia e que de seguido transcríbese:

### **"MOCIÓN PARA IMPLEMENTAR A ESTABILIDADE LABORAL DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADAVIA**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Na actualidade hai traballadores e traballadoras municipais que se atopan nunha situación laboral de inestabilidade legal contractual.

O grupo máis salientable nesta situación son os do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) de Ribadavia, mais non só. O GES ten o obxectivo de crear unha auténtica malla que cubra todo o territorio e ofrezca unha resposta axil e eficaz á cidadanía de toda a comarca do Ribeiro diante de calquera incidente.

Na actualidade consta de 10 traballadores, dos cales 7 incorporáronse en agosto de 2013 , uníndose aos tres traballadores cos que xa contaba o Concello.

Moitos traballadores e traballadoras municipais desde a data da súa incorporación ao Concello van asinando contratos temporais de un ano de duración, ás veces menos, os cales vanse concatenando.

O artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores di textualmente: “ Sen perxuízo do disposto nos apartados 1.a), 2 e 3, os traballadores que nun período de trinta meses estiveran contratados durante un prazo superior a vintecatro meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo coa mesma empresa o grupo de empresas, mediante dous o máis contratos temporais, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos.

O establecido no parágrafo anterior tamén será de aplicación cando se produzan supostos de sucesión ou subrogación empresarial conforme ao disposto legal ou convencionalmente. Atendendo ás peculiaridades de cada actividade e ás características do posto de traballo, a negociación colectiva establecerá requisitos dirixidos a previr a utilización abusiva de contratos de duración determinada con distintos traballadores para desempeñar o mesmo posto de traballo cuberto anteriormente con contratos de ese carácter, con ou sen solución de continuidade, incluídos os contratos de posta a disposición realizados con empresas de traballo temporal.

O disposto en este apartado non será de aplicación á utilización dos contratos formativos, de relevo e interinidade, aos contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego -formación, así como aos contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto de ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.”



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Neste sentido o noso grupo municipal pide que se cumpra a lei e o propio Estatuto dos Traballadores, aínda sendo conscientes que para que isto se produza é posible que deban elevarse os casos laborais á vía xudicial- laboral. A pesar disto, o posicionamento positivo do Pleno municipal de Ribadavia debe ser un apoio explícito aos traballadores e traballadoras que se atopen nesta situación, convidándoos á iniciar os trámites pertinentes na súa favor.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1.- Que todas as traballadoras e traballadores municipais que se atopan nesta situación de superar os 24 meses contratados pasen a ter contratos indefinidos, en todo caso conforme á lei.

2.- Que os traballadores do GES pasen a ter contratos indefinidos, en todo caso conforme á lei".

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Vázquez López, para dicir que lle parece boa a filosofía da moción se ben haberá que estudar caso por caso, xa que hai contratos que están supeditados a subvención como o caso do Ges que participa a Xunta e a Deputación, non obstante vai a votar a prol da moción.

O Sr. Presidente sinala que nos vindeiros días presentarase a R.P.T. e a cuestión prantexada ven reflexada no documento, entende que esta cuestión debe levarse a mesa de negociación cos representantes dos traballadores; finaliza dicindo que a proposta parécelle boa sempre que se adecúa a lei.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., P.P. e B.N.G.- Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que a inestabilidade laboral afecta a moitos traballadores, é unha realidade demasiado extensa, así anualmente renovanse contratos de traballadores que levan moitos anos no Concello; sinala que se está incumprindo o artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores; en canto a maneira de acometer o asunto pensa que habera que facelo gradualmente, indicando que anque está relacionado o asunto coa R.P.T. podese abordar separadamente. Finaliza dicindo que a vinculación de subvencións con contratos laborais non implica que cando desapareza a subvención haxa que suprimir a praza.

O Sr. Vázquez López, intervén para dicir que apoia a moción, dí que haberá que analizar posto por posto, así como é unha cuestión que se pode abordar coa R.P.T.. Finaliza



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

dicindo que o seu grupo é partidario de darlle estabilidade os traballadores necesarios para un bo funcionamento do Concello.

O Sr. Garcia Soto, manfiesta que está de acordo coa moción e que os traballadores deben ter garantías de continuidade, esperando que non se supriman subvencións xa que se pondría en dúbida a continuidade de determinados servicios.

O Sr. Fernández Gil, sinala o apoio a moción, dí que a indefinición dos traballadores podese conseguir cunha regularización por parte do Concello ou a traves dunha sentenza xudicial logo dunha reclamación do traballador; dí que se é posible que se faga pero sempre con todas as garantías legais.

O Sr. Iglesias Sendin, para manifestar que están de acordo co espírito de moción, dí que o tema está ligado a R.P.T., habrá que solicitar un informe da legalidade xa que hai alcaldes imputados por este tema e en todo caso habrá que facelo gradualmente e estudiando caso por caso.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que a R.P.T. solo recolle os funcionarios e o persoal laboral fixo, quedando fora os indefinidos, os casos de alcaldes imputados é por cuestións diferentes as prantexadas, indicando que existen concellos que están facendo procesos similares.

O Sr. Iglesias Sendin, dí que habrá que facer un plan de regularización se ben o grupo de goberno quere ir máis ala e tratar de darlle o carácter de fixo os traballadores sempre de acordo co procedemento legalmente establecido.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que a moción solo fala de indefinidos non de fixos.

O Sr. Alcalde intervén para dicir que está de acordo co espírito da moción; dí que determinados contratos que están subvencionados son inviables para o Concello se non hai subvención; dí que habrá que abordar caso por caso e que hai que escoitar os traballadores e explicarlles a situación, xa que non se poden crear falsas expectativas a xente.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

## **8.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

O Sr. Alcalde fai a presentación da seguinte moción de urxencia que de seguido transcríbese:

**"MOCION.-** Visto o expediente que se está a tramitar neste concello relativo a transmisión de titularidade de licencia de autotaxi nº 4 a nome de Don Bernardino Freijeiro Conde e tendo en conta a documentación obrante no expediente, e en especial o informe do



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Servicio de Mobilidade de Ourense de data 25.01.2017, proponse o Pleno a adopción do seguinte acordos:

1. Autorizar o cambio de titularidade de licenza municipal de taxi nº 4, titularidade de Don Bernardino Freijedo Conde, a prol de Don Serafin Lorenzo González.
2. O interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 2.404,04 euros, en concepto de dereitos de concesión, sen o cal este acordo ficará nulo e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licencia de autotaxi e demais vehículos de aluguer".

De seguido ausentanse os concelleiros Don Celso Sotelo Barroso e Don Manuel Vázquez López, por ser profesionais do autotaxi no Concello de Ribadavia e ante posible interes directo no asunto.

Procédese a votación de urxencia da moción que se acada por unanimidade dos asistentes (11), procedendo posteriormente, o Concello Pleno a votar o fondo do asunto, que se acada por unanimidade dos seus asistentes (11).

#### **ROGOS E PREGUNTAS.-**

**De seguido o Sr. Alcalde procede a constestar as preguntas presentadas por escrito, en tempo e forma, por parte do concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil e que son as seguintes:**

**1ª PREGUNTA.-** Qué medidas implementou o Concello de Ribadavia para poder atender as necesidades de personas con menos recursos que poidan sufrir especialmente a consecuencias da ola de frio, ben por carecer de vivenda en condicións axeitadas ou de recurso económicos que lle permitan ter calefacción.

Resposta o Sr. Alcalde: Non houbo necesidades que atender; dí que se habia falado cos Servicios Sociais para que estivesen atentos o tema así como co asilo para atender as persoas en caso de necesidade. Finaliza dando conta das actuacións do GES durante a ola de frio.

**2ª PREGUNTA.-** Temos coñecemento, por parte dos veciños, dun forte cheiro a gasóleo nas vivenda da Travesía do Ribeiro, e temos constancia de que esta cuestión se puxo xa en coñecemento dogoberno municipal polo que, queremos saber se o goberno ten constancia da existencia dalgunha fuga de gasoleo neste entorno que poida verquer a rede de saneamento municipal provocando estes cheiros. Asemade, queremos saber, que xestións ten realizado o goberno municipal para solucionar este problema.

Resposta o Sr. Alcalde:Fixeronse medicións polo GES e entreviu Aqualia facendo descargas da rede e facendo novas medicións, sen que se detectase perigo algún.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**3ª PREGUNTA.-** O 22 de decembro de 2016 algúns medios de comunicación recollen unhas declaracións do Sr. Alcalde sinalando que tomaría medidas inmediatas necesarias para arranxar a fosa colectora de As Chabolas a cál presenta o mesmo estado de abandono, cun verquido ao exterior e as arquetas sen tapa, co perigo que isto supón. Por todo isto, por qué razón non se ten feito nada a día de hoxe a pesar de ter manifestado a intención de resolver o problema; e cando ten pensado actuar para darlle unha solución a esta cuestión.

Resposta o Sr. Alcalde: Estase estudiando facer un nova xa que o arranxo da existente non é operativo; dí que o custe é importante sobre todo se temos en conta que nesa zona non hai abastecemento municipal.

**4ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a convocar a solicitada comisión de Tráfico.

Resposta o Sr. Alcalde: Tratarase de convocar canto antes.

**5ª PREGUNTA.-** Cando se vai a colocar o espello na saída da Praza Maior.

Resposta o Sr. Alcalde: Porase nos vindeiros días.

**6ª PREGUNTA.-** Cando se vai a proceder a retirada dos árbores en mal estado existentes diante da oficina do Sindicato Galego Labrego e outro en Muñoz Calero.

Resposta o Sr. Alcalde: Hoxe falou coa Deputación para tratar de acometelo e o igual que o tema dos vertedoiros.

**7ª PREGUNTA.-** Interesa se lle facilite copia do documento da Relación de Postos de Traballo.

Resposta o Sr. Alcalde: Onte a consultora explicou o documento os representantes sindicais e os traballadores e nos vindeiros días terase unha reunión cos grupos municipais na que a consultora explicara o documento.

**ROGO.-** Solicita que se limpe a parcela onde se atopa un transformador de Fenosa na rúa do Carballiño.

**Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López fórmulanse os seguintes rogos:**

**1º ROGO.-** Que dende o Concello se dirixan a Renfe para que non se supriman as paradas do trens na estación de Ribadavia, así como se restableza o servicio da venda de billetes.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**2º ROGO.-** Reitera que se proceda a retirada dos paneis informativos en mal estado e se proceda o arranxo das fontes.

De seguido mostra o seu agradecemento o concelleiro de servicios e o de obras pola limpeza da rúa da estación de Renfe e pola colocación do espello na confluencia das rúa Rosalia de Castro/Otero Pedrayo. Tamén agradece o Sr. Fernández Gil lle transmitira o seu grupo no parlamento galego o manifestado polo seu grupo sobre as causas do despoblamento do rural galego.

**Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez formúlanse os seguintes rogos e preguntas:**

**1º ROGO.-** Que se peche a entrada e se arranxe o peche roto na estación de tratamento de auga potable na Franqueirán.

**2º ROGO.-** Reitera a petición de convocatoria da comisión de tráfico, así como tamén se leven a cabo os pasos de peóns na avda. de Redondela e se modifique o existente a saída da Praza Maior cambiando os colectores de lixo existentes, así como tamén se vixile os aparcamentos para minusválidos.

**3º ROGO.-** Rogaríalle se dirixa a Axencia de Turismo para que coloquen unha sinal do balneario de Prexigueiro na autovia Ourense-Santiago a altura do cruce co Carballiño, xa que están sinalizados todos os balnearios excepto este.

De seguido o Sr. Alcalde da conta da retirada por parte da AXI de todas as sinais da ruta do viño, paneis informativos do Concello e da ruta de senderismo, todo isto fíxose sen coñecemento do Concello, e non solo as retiraron senon que as levaron; dí que hoxe os afectados (Concellos, establecementos, adegas...), dirixiron un escrito a xefa territorial para pedir explicacións. Espera que pidan disculpas e se arranxe a situación.

**1º PREGUNTA.-** En relación co proceso de adjudicación dunha vivenda no Casco Histórico, ten entendido que se suspendeu, polo que interesa saber se o Concello ten información nova de cál vai a ser o proceso.

Resposta o Sr. Alcalde: Solo había unha parella apuntada e suspendeuse; dí que haberá unha nova convocatoria por parte do I.G.V.S. e abrirase un novo prazo dun mes para presentar solicitudes.

**2ª PREGUNTA.-** En relación coa subvención para a apertura de negocios no Casco histórico interesalle saber que estimación hai para o ano 2017.

Resposta o Sr. Alcalde: Trátase dunha bonificación no I.C.I.O. . A contía ven determinada polo número de postos de traballo, estando prevista unha cantidade de ata 10.000 euros.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**3ª PREGUNTA.-** Dias pasado enterouse da perda da subvención e do carácter de aúla de referencia CeMIT, deixando se efecto o contrato do traballador o 31.12.2016, polo que lle interesa saber se pensa que está xustificado o despido do traballador o haberse perdido a subvención.

Resposta o Sr. Alcalde: Como Alcalde ten que velar polos intereses do Concello e hai determinados contratos que solo son viables se hai subvención, non está de acordo en despedir a nadie se ben se non hai subvención dito contrato non se pode asumir polo Concello.

**4ª PREGUNTA.-** En relación co proceso de adxudicación da obra de pavimentación das beirarúas da rúa Muñoz Calero ten coñemento da suspensión da apertura de ofertas xa que houbo empresas que non presentaron correctamente a documentación e houbo que requerilas, polo que solicita que se convoque a comisión aprobada polo Pleno para o seguimento de contratos e obras.

Resposta o Sr. Alcalde: A súa petición xa se lle respostou por escrito en tempo e forma.

**5ª PREGUNTA.-** O pasdo 5 de xaneiro solicitou a convocatoria dunha comisión de comercio para tratar o tema da adxudicacións de concesións da praza de abastos e asuntos relacionados coa mesma, polo que solicita de novo a súa convocatoria.

Resposta o Sr. Alcalde: Falará cos comerciantes da praza e a asociación de comerciantes para de seguido proceder a súa convocatoria.

**6ª PREGUNTA.-** En relación coa reunión coa xefa provincial de Educación interesalle saber o contido da reunión.

Resposta o Sr. Alcalde: Dará conta nas vindeiras comisións informativas.

**Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlase o seguintes rogos:**

**ROGO.-** Solicita que se fagan xestións para que se volva a restablecer os servicios que se estaban a prestar na estación do ferrocarril en Ribadavia.

O Sr. Alcalde manifesta que se levan facendo innumerables xestións, se remitiron mocións aprobadas polo pleno, se ben seguira insistindo.

**1ª PREGUNTA.-** Dias pasadas houbo un incidente cun can na zona do Muiño, dí que esta problemática xa a habia advertido noutro pleno e pregunta se é coñecedor e se se fixo algo.

Resposta o Sr. Alcalde: Sabe que se recolleron varios cans, en concreto en Santo Andre, se ben este caso concreto descoñeceo.





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**2ª PREGUNTA.-** Interesa saber se o Concello vai a ter un espazo en Xantar.

Resposta o Sr. Alcalde: Haberá un espazo no stand da Mancomunidade turística así como tratarase que a ruta do viño tamen teña o seu espazo.

**3ª PREGUNTA.-** Nos pasados días o Sr. Alcalde dixo na prensa que non convocaría o Patronato da Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro, polo que pensa que ten secuestrado o organismo, polo que pregunta cando pensa convocala.

Resposta o Sr. Alcalde: A convocatoria podese facer hoxe mesmo, se ben para que sexa operativa pensa que hai que esperar a que o PXOM esta aprobado definitivamente cuestión que deberá producirse antes do vindeiro 9 de febreiro.

**4ª PREGUNTA.-** En relación coa sal que se está a esparcir polo Casco Histórico con motivo das baixas temperaturas pregunta se é consciente que se pode estar danando o patrimonio artístico.

Resposta o Sr. Alcalde: Descoñece o tema pero preguntará se existen alternativas.

**Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:**

**1º ROGO.-** No cambio de rasante baixando o pavillón hai unha fuga de auga polo que pide se repare.

**2º ROGO.-** Existen varios baches o lado do matadoiro vello pide que se reparen.

**3º ROGO.-** Solicita se repoñan os colectores sen tapa e se arranxen as isletas onde se atopan os colectores xa que se atopan en mal estado.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que algúns dañaronse por parte de vehículos e deuse parte os seguros.

**PREGUNTA.-** Interesa saber por que non ten auga a fonte da Estación.

Resposta o Sr. Alcalde: Mandará a brigada de obras a que a revisen.

Concluído o anterior, ás dez menos cuarto da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*